

3. O capitalismo

Ao longo da historia, os seres humanos fóronse organizando de modo diverso, configurando diferentes sistemas económicos e sociais. Estes sistemas son, basicamente, resultado da combinación de tres variables: os recursos materiais e tecnolóxicos dispoñibles (medios de produción), a poboación existente, as relacións que se establecen entre os grupos que compoñen a sociedade e a explotación deses recursos (relacións de produción), e a influencia das ideas dominantes.

As fondas transformacións económicas, políticas, sociais e ideolóxicas que tiveron lugar a finais do século XVIII e principios do XIX, relacionadas fundamentalmente coa revolución industrial e as revolucións liberais, impuxeron un novo marco económico dominante: o **capitalismo**. A súa base doutrina-ria está no pensamento liberal e a súa racionalización teórica nas obras dos chamados economistas clásicos: Adam Smith, Thomas R. Malthus e David Ricardo, defensores da idea da plena liberdade económica como principio reitor básico do desenvolvemento.

3.1. Orixe e evolución do capitalismo

O termo capitalismo é recente e o seu significado polémico. A súa orixe data da década de 1880, cando nos escritos dos socialistas alemáns aparece para designar, de modo pexorativo, a economía existente fronte ao socialismo; antes desa década só se falaba do capital ou dos capitalistas (por exemplo, o título da obra de Marx, *O capital*, de 1867).

En liñas xerais, pódense diferenciar dúas acepcións:


- Desde o punto de vista **liberal**, o capitalismo é un sistema económico caracterizado por: a defensa da propiedade privada dos bens de produción (capital), que son empregados co obxectivo de proporcionar un beneficio aos seus propietarios (espírito de lucro), e a liberdade dos mecanismos económicos de contratación (traballo asalariado), de creación de empresas (iniciativa empresarial) e de intercambio (libre competencia) regulamentados unicamente polas leis do mercado (oferta e demanda).
- Desde o punto de vista **marxista**, o capitalismo é un modo de produción que permite a concentración dos medios de produción (capital) en mans dunha minoría de posuidores (burguesía capitalista), e as relacións de produción baseadas no traballo asalariado, mediante o que a maioría da poboación desposuída (proletariado) vende a súa capacidade de traballo a cambio dun salario. O traballador convértese nunha mercadoría máis cun prezo determinado pola lei da oferta e da demanda; a diferenza entre o seu salario e o prezo final do produto por el elaborado (plusvalía) beneficia aos posuidores do capital (explotación capitalista) e permite a reprodución-ampliación do sistema.

A interpretación liberal centra a súa atención nos aspectos económicos e técnicos, a diferenza da marxista, que acentúa os aspectos sociais derivados da explotación dunha clase sobre a outra. Se para o liberalismo a valoración final é positiva, o marxismo recalca os seus aspectos negativos, ao tempo que considera o capitalismo como unha fase da historia da humanidade que conducirá inevitablemente á nova sociedade socialista. Segundo Marx, este tránsito producírase debido ás contradicións internas do sistema (empeoramento das condicións de vida das traballadoras e traballadores, aparición de crises económicas cada vez máis profundas, incremento da loita de clases) que favorecerán a toma do poder polo proletariado.

O capitalismo, como sistema económico dominante, xorde a finais do século XVIII e comezos do XIX, cando se produce o triunfo da burguesía sobre os poderes do clero e da nobreza (revolución liberal), así como a progresiva substitución das formas e modos medievais de produción e distribución polas capitalistas (revolución agraria e industrial).

De acordo coa natureza e procedencia do elemento básico do que recibe o nome –o capital–, os historiadores distinguen varias **fases** sucesivas no seu desenvolvemento:


- **Capitalismo mercantil.** Ten a súa orixe no desenvolvemento das actividades comerciais por parte da burguesía. Aínda que a súa orixe pode remontarse ao rexurdir das cidades na Idade Media, alcanzou



Fábrica de máquinas-ferramentas en Alemaña.

gran pulo nos séculos XVI-XVIII grazas ao crecemento dos intercambios comerciais entre Europa, América e Oriente.

- **Capitalismo industrial.** Está estreitamente vinculado co desenvolvemento da revolución industrial de finais do século XVIII e comezos do XIX. As novas fábricas convértese no motor básico e transformador, tanto das estruturas económicas como sociais; ao mesmo tempo, xeran grandes beneficios e capitais que dan á burguesía unha posición dominante no sistema e lle permite autofinanciar e ampliar as súas actividades.
- **Capitalismo financeiro.** Existe este tipo de capitalismo cando se dá unha subordinación de todas as actividades económicas ao capital bancario e financeiro. Desenvólvese a partir de 1870, debido ás crecentes necesidades de capitais para poñer en marcha novos negocios, capitais que os empresarios obterán nas entidades bancarias e financeiras e na Bolsa de valores. Paralelamente, a crecente competencia favorece a existencia de procesos de concentración do mercado nunhas poucas empresas, o que permite cualificalo de **capitalismo monopolístico**; tamén favorece a creación de políticas imperialistas e colonialistas, de aí que, ás veces, se lle denomine **capitalismo imperialista**. Algúns autores prefiren empregar o cualificativo de **gran capitalismo**.



As construcións de ferro e cristal, simbolizan toda unha fase de desenvolvemento económico marcado pola circulación de capitais, mercadorías e viaxeiros.

11 Que trazos destacan do capitalismo os liberais e os marxistas?

3.2. Os trazos básicos do capitalismo

En síntese pódense destacar as seguintes características:

■ O capital, elemento fundamental da produción

Desde o punto de vista capitalista, o capital é o conxunto de bens (terras, edificios, fábricas, materias primas, mercadorías, diñeiro, máquinas...) que deben servir ao seu propietario para producir un beneficio ou para poñer en marcha calquera negocio coa finalidade de obter máis beneficios. É o factor básico da produción.

13. Capital e beneficio

Masko regresou de San Petersburgo moi satisfeito do xiro que tomaran os seus asuntos. Era portavoz dunha noticia importante que recibira de fonte segura e que, de momento, aínda non coñecía ninguén. A última colleita de grans fora moi escasa en toda Rusia e, por conseguinte, nalgúñas provincias comezaba xa a sentirse a fame, o que permitía prever que ao comezo da primavera a carestía sería xeral. Esta noticia impresionou a Polaniecki.

Durante varios días non se moveu da súa mesa de traballo, co lapis na man e facendo cálculos sobre cálculos. O resultado de todo este traballo foi propoñer a Bigiel empregar non só o seu capital, senón o seu crédito para comprar todo o gran posible. Nun principio, Bigiel resistíase, de modo que Polaniecki non lle ocultou que se a empresa fallaba podía ser a ruína da casa. Non había probabilidades dun desastre, mentres que se lles saía ben a operación, o negocio sería redondo. O prezo do gran tiña que subir á forza. Polaniecki resolvera todas as dificultades e, cando por fin presentou a Bigiel os seus cálculos, deixouse convencer. Inmediatamente enviou ao xefe dos comisionistas da casa para monopolizar o gran, e Bigiel en persoa trasladouse a Prusia con este obxecto.

E. SIENKIEWICK. A casa solarega. 1894 [Recreación literaria]



Publicación de mediados do século XIX dirixida á formación dos axentes de Bolsa e corredores de cambio, elementos característicos do desenvolvemento capitalista.

■ Liberdade económica e lei da oferta e demanda

A economía capitalista baséase na existencia da liberdade económica absoluta e sen limitación (de empresa, de comercio, de contratación, de mercado, de prezos, de salarios...). Segundo os capitalistas, o Estado non debe intervir, só debe eliminar os obstáculos que impiden a liberdade económica e deixar facer aos individuos (*laissez faire, laissez passer*). As actividades económicas e os mercados non poden estar sometidas a mecanismos de control, senón que deben moverse pola libre concorrência de compradores e vendedores, baseada na lei da oferta e na demanda que é a que fixa os prezos, a produción e os servizos. No entanto, non sempre se respectan estes principios pola burguesía capitalista, que os manipula no seu propio beneficio, ben sexa creando asociacións empresariais para dominar o mercado (monopolios, oligopolios) e impoñer as súas condicións, ben sexa empregando a súa influencia nos respectivos Gobernos para establecer trabas a outros competidores, así como para impoñer cotas de mercado en exclusiva.

■ Riqueza individual e espírito de lucro

Para o capitalismo, a busca do enriquecemento individual e dos máximos beneficios é o móbil que debe guiar a actuación das persoas (mentalidade capitalista). Este espírito de lucro é o que proporciona o éxito individual e a mellora colectiva da sociedade. A riqueza considérase como o criterio fundamental de clasificación social, variando a posición de cada individuo de acordo cos bens e capitais que posúa.

14. Beneficio individual e harmonía universal

Cada individuo en particular pon todo o seu coidado en buscar o medio máis oportuno de empregar coa maior vantaxe o capital de que poida dispor. O que desde logo se propón é o seu propio interese, non o da sociedade en común [...]. Inicialmente, polo xeral, ningún se propón promover o interese público [...]. Cando prefire a industria nacional á estranxeira só pensa no seu propio interese, e cando elabora de modo que o seu produto sexa do maior valor posible, só pensa na súa propia ganancia. [...] Porque seguindo o particular interese [...] ás veces promove o interese da sociedade con máis eficacia que cando se pensa directamente en fomentalo.

Adam SMITH. Investigacións sobre a natureza e causas da riqueza das nacións. 1776

■ Propiedade privada

Na sociedade e na economía capitalista considérase que para alcanzar a máxima rendibilidade e riqueza, a propiedade debe ser privada, libre e absoluta. Considérase que é un dereito inalienable, natural e lexítimo dos individuos, e como tal debe estar garantido e protexido polas leis. Así mesmo, considérase a posesión de bens como o medio que permite as persoas satisfacer todas as súas necesidades e alcanzar a felicidade.

■ Traballo asalariado e división de tarefas

No capitalismo, as relacións de produción baséanse na división das tarefas e no traballo asalariado como medios para lograr o incremento da produción e dos beneficios. Fronte á elaboración completa dun determinado produto, característico do traballo artesanal, no capitalismo impóñese a di-

visión das tarefas produtivas e a especialización dos traballadores nunha determinada función.

15. A división do traballo

Tendo en conta o modo de como se practica hoxe a fabricación de alfinetes, non só a fabricación mesma constitúe un oficio á parte, senón que está dividida en varios ramos, e a maior parte deles tamén constitúen outros tantos oficios distintos. Un obreiro estira o aramio, outro enderéza, un terceiro vaino cortando en anacos iguais, un cuarto fai a punta, un quinto obreiro está ocupado en limar o extremo onde se vai colocar a cabeza. Á súa vez, a confección da cabeza require dúas ou tres operacións distintas: fixala é un traballo especial, esmaltar os alfinetes, outro, e aínda é un oficio distinto colocalos no papel. En fin, o importante traballo de facer un alfinete queda dividido deste xeito nunhas dezaioito operacións distintas.

Adam SMITH. Investigación sobre a natureza e causa da riqueza das nacións. 1776

O traballo é considerado como unha mercadoría máis, que se compra e que se vende, e que debe estar suxeito ao libre xogo da oferta e da demanda: se a man de obra é abundante, os salarios son baixos, situación que se deu ao longo do século XIX e comezos do XX provocando a depauperamento dos obreiros e o nacemento do proletariado, que ten como único medio de subsistencia a venda da súa capacidade de traballo.

16. O traballo como mercadoría

O traballo, como todas as demais cousas que se mercan e se venden, e que poden ser aumentadas ou diminuídas, ten o seu prezo natural e o seu prezo de mercado. O prezo natural do traballo é aquel que é necesario, por termo medio, para que os traballadores subsistan e formen unha familia [...]. O prezo do mercado, para o traballo, é o que se paga realmente por el, formado pola actuación natural entre a oferta e a demanda; o traballo é caro cando escasea e barato cando abunda [...]. Cando o traballo ten un prezo corrente ou de mercado que excede ao do seu prezo natural, a condición do traballador é próspera e feliz [...]. Cando o prezo do mercado de traballo é inferior ao natural, a condición dos traballadores é do máis desgraciada que cabe: entón a pobreza privalles daquelas comodidades que o costume fixo absolutamente necesarias.

David RICARDO. Principios de economía política e tributación. 1817

■ Desigualdade, dependencia e explotación


O capitalismo xera crecemento económico pero tamén desigualdade, dependencia, explotación e fortes diferenzas, tanto entre os individuos como entre rexións e Estados. Mentres nunhas clases sociais ou nunhas áreas territoriais o progreso material é continuo, noutras prodúcese estancamento ou pobreza. Esta realidade económica causa un dobre efecto: por un lado pode agravar os conflitos laborais e sociais e por outro xera intercambios e dependencias desiguais entre as zonas desenvolvidas, cada vez máis ricas, e as menos desenvolvidas; as primeiras especialízanse na fabricación e distribución de produtos elaborados e servizos de alto valor engadido mentres que as segundas subministran materias primas e alimentos, agrandándose as diferenzas.

■ Crises cíclicas

No capitalismo, as actividades económicas están suxeitas a ciclos e fluctuacións recorrentes. A períodos de crecemento máis ou menos rápido (fase expansiva) suceden fases de desenvolvemento lento ou de estancamento



As crises afectan de modo especial os sectores menos favorecidos da poboación. **Reparto de comida nun barrio de París** (gravado anónimo de 1897).



(recesión), que poden ser seguidas doutras de crecemento negativo ou contrativas (depresión). De acordo coas alzas e baixas que se producen, os economistas distinguen os ciclos curtos ou de Kitchin (de 3 a 5 anos), ciclos Juglar (de 6 a 8 anos), ciclos Kuznets (de 15 a 25 anos) e ciclos de longa duración ou Kondratieff (de 50 a 60 anos). O inicio dun ciclo depresivo vén determinado por unha crise económica que pode estar orixinada por múltiples circunstancias (desaxustes entre os sectores económicos, inestabilidade política, especulación bolsista, superproducción, subconsumo...) e ser máis ou menos fondas. Ao longo dos séculos XIX e XX sucedéronse numerosas crises con similares efectos: quebras, peche de fábricas, paro e pobreza.

17. Quebra e ruína económica

Meu pai, o señor Eyssette, que nesta época comerciaba en sedas, tiña ás portas da cidade unha gran fábrica [...]. Verdaderamente, fun a mala estrela dos meus pais. Desde o día do meu nacemento asaltáronlles por vinte sitios á vez desgrazas incríveis ata que [...], finalmente, a revolución de 18..., asestounos o golpe de graza.

A partir deste momento a fábrica traballou soamente nunha parte; pouco a pouco fóronse baldeirando os talleres; cada semana, un tear abaixo; cada mes, unha mesa e impresión menos. Causaba dor ver como marchaba a vida da nosa casa como dun corpo, lentamente, cada día un pouco [...]. Durante dous anos a fábrica estivo agonizando. En fin, un día os obreiros non volveron máis, a campá dos talleres xa non tocou, a nora deixou de rinchar, a auga dos estanques grandes, nos que se lavaban os tecidos, quedou inmóbil, e ben pronto na fábrica quedaron unicamente o señor e a señora Eyssette, a vella Annou, meu irmán Santiago e mais eu [...]. Rematou; estábamos arruinados.

Alphonse DAUDET. Fulaniño. 1868 [Recreación literaria]

12 Elabora un mapa conceptual no que relaciones os trazos básicos do capitalismo.

4. Sociedade de clases: dominio burgués e protestas obreiras

As transformacións producidas pola industrialización, o desenvolvemento do capitalismo e as revolucións liberais deron lugar a unha nova estrutura social. Desaparecen os privilexios de carácter feudal típicos da sociedade estamental do Antigo Réxime e son substituídos por un novo criterio baseado na igualdade xurídica e na riqueza económica. Ao mesmo tempo, os vellos grupos da nobreza e do clero perden a súa posición dominante en favor da burguesía e xorden novos grupos sociais entre os que destaca o proletariado.

4.1. A sociedade de clases

Fronte aos privilexios nobiliarios e eclesiásticos, o liberalismo defendeu que os individuos son iguais ante a lei e que a súa posición social debía estar sustentada nos méritos e talentos persoais, sendo a **riqueza** a súa mellor expresión. Tendo en conta este criterio, a nova sociedade organizouse como una **sociedade de clases**.

13 Establece as diferenzas entre a sociedade estamental do Antigo Réxime e a sociedade de clases.

a. O dominio da burguesía


O principal beneficiario das transformacións políticas e económicas acontecidas ao longo do século XIX foi a burguesía dedicada ás actividades industriais, comerciais e administrativas. Na nova sociedade de clases exerce o dominio económico, social, político e ideolóxico:

- Posúe a maior parte dos **capitais** e medios de produción.
- Controla os mecanismos de **mercado** e as redes comerciais.
- Explota os recursos e a man de obra buscando os máximos beneficios.
- Domina as institucións do **Estado** e a elaboración das leis que defenden os seus intereses.
- Impón os seus valores ideolóxicos, especialmente a **liberdade** e a **propiedade** individuais, consideradas como dereitos naturais indiscutibles, que as leis deben protexer e que se exercen de forma plena e absoluta nos asuntos económicos.
- Difunde os seus costumes, hábitos e modas como **modelos de vida**.



Retrato de Amélia de Vilanova i Nada, (F. Madrazo, 1853). A burguesía, grupo social especialmente favorecido pola nova organización da sociedade, encarga os seus retratos a pintores coñecidos para decorar as vivendas, emulando os reis e a nobreza.

A burguesía non é un homoxénea, nin desde o punto de vista da riqueza nin da cultura. Pódese diferenciar entre alta ou gran burguesía –grandes comerciantes, industriais e banqueiros– e baixa ou pequena burguesía –propietarios de pequenas industrias e comercios, profesións liberais e administrativas–. Aínda que comparten valores, non sempre coinciden nos seus intereses e poden enfrontarse entre elas, especialmente no terreo político.



A burguesía obtivo grandes beneficios da actividade das fábricas grazas á liberdade de empresa e á ausencia case total de lexislación laboral. (Fábrica textil catalá construída a mediados do século XIX no barrio de Sants en Barcelona).

14 Por que a burguesía foi o grupo dominante no século XIX? Que principios ideolóxicos defendía?

18. A burguesía desde a óptica marxista


A burguesía desenvolveu, ao longo da historia, un papel verdadeiramente revolucionario.

En todos os lugares onde se asentou, botou por terra todas as institucións feudais, patriarcais [...] e non deixou en pé máis vínculo que o do interese estrito, o do diñeiro contante e soante, que non ten entrañas. Botou por riba do santo temor de Deus, da devoción mística e piadosa [...], o xerro de auga xeada dos seus cálculos egoístas. Enterrou a dignidade persoal baixo o diñeiro e reduciu todas as liberdades escrituradas e ben adquiridas a unha única liberdade: a liberdade ilimitada de comerciar. Substituíu, para dicilo dunha vez, un réxime de explotación [...] por un réxime franco, descarado, directo, conciso, de explotación [...].

A burguesía, ao explotar o mercado mundial, dá á produción e ao consumo de todos os países un selo cosmopolita [...]. As vellas industrias nacionais caen por terra, dominadas por outras novas, [...] por industrias que xa non transforman como antes as materias primas do país, senón as traídas dos climas máis afastados e os seus produtos atopan saída non só dentro das fronteiras, senón en todas as partes do mundo.

b. O nacemento do proletariado

O proletario é basicamente o traballador e traballadora industrial urbano que só ten como medio de vida a venda da súa forza de traballo. O seu número foi aumentando progresivamente ao longo do século XIX, en estreita relación coa industrialización. A súa orixe está nos operarios dos talleres artesanais



Algúns procesos mantiveron o seu carácter artesanal e duras condicións de traballo como o afiado manual de coitelos nas zonas de Solingen (Alemaña), Sheffield (Gran Bretaña, na imaxe) e Thiers (Francia).

arruinados polas transformacións industriais e nas masas campesiñas que, como consecuencia da mecanización do campo e da reforma da estrutura da propiedade migraban (éxodo rural) cara ás cidades a traballar.

O proletariado constituíu a capa máis baixa da sociedade de clases. A súa abundancia fará que teñan que aceptar, para sobrevivir, os baixos salarios e longas xornadas que lles ofrecen os donos das fábricas, tendo tamén que traballar mulleres, nenos e nenas. Debido a súa miseria agrúpase e vive en barrios obreiros densamente poboados, preto das fábricas ou dos portos, e en casas sen condicións hixiénicas e con moi poucos bens.

19. Condicións de vida do proletariado

Tecemos, tecemos!

*Maldito sexa o deus ao que acudimos
nos fríos do inverno e nas carestías;
foi va a esperanza e a anhelante espera,
téñenos enganados, burlados, escarnecidos...*

Tecemos, tecemos!

*Maldito sexa o rei, o rei dos ricos,
que non puido aplacar a nosa miseria;
arríncanos ata a derradeira moeda
e manda que nos maten como a cans...*

Tecemos, tecemos!

*Maldita sexa a patria falsa,
onde só medran a deshonra e a vergoña,
onde todas as flores son trochadas
e a podremia engorda o verme...*

Tecemos, tecemos!

*A lanzadeira voa, atrona o tear;
tecemos día e noite sen descanso...*

Heinrich HEINE. **Os tecedores de Silesia**. 1844

Vivir, para el, é non morrer. Máis aló do anaco de pan que debe alimentar a el e a súa familia, máis aló da botella de viño que por un momento debe privarlle da conciencia das súas penas, o obreiro non pretende nada, non espera nada. Se queredes saber como vive, ide por exemplo á rúa do Esterco [des Fumiers] [...]. Entrade [...] na vivenda deses miserables obreiros. A cada lado do pasadizo [...] hai unha habitación sombría, grande, xeada [...]. Entrade, se o cheiro fétido que se respira alí non vos fai retroceder [...]. E mirade eses tres ou catro leitos [...]. Un xergón, unha manta formada con farrapos [...], ás veces unhas sabas, ás veces unha almofada, aí tedes o contido do leito. Non hai necesidade de armarios[...].

Os fillos desta clase [...] pasan a súa vida na lama dos regatos. Dá pena velos, pálidos, entumecidos, murchos, cos seus ollos vermellos e lagañosos [...]. Cando chegan aos vinte anos, ou son vigorosos ou están mortos. De feito, aos membros desta clase non lles sobreviven, por termo medio, máis que a cuarta parte dos seus fillos.

Ange GUÉPIN, Eugène BONAMY. **Nantes no século XIX**. 1835